

ACTA DA ASEMBLEA XERAL

21-11-2021, Online

Hora de convocatoria: 11:30h

Inicio da asemblea: 11:35h

Asistentes: 20

Nerea, secretaria técnica da AGPI e moderadora na asemblea, comproba primeiro que as persoas conectadas escoitan e ven o streaming. Fai unha pequena introducción de como vai a ser a dinámica da asemblea, en canto aos bloques temáticos e as enquisas.

[min. 00:02:44] María Álvarez, secretaria da AGPI, procede a ler a **orde do día e a lectura da acta da asemblea ordinaria de 2020**.

- Aprobación da acta da asemblea ordinaria de 2020 con **20 votos a favor** [min. 00:13:47]

[min. 00:17:08] Bernal Prieto, tesoureiro da AGPI, procede a ler o **informe económico** desde a última asemblea.

- **O balance económico:**
 - Ingresos: 28.626,27 euros
 - Gastos: 27.428,26 euros
 - Por primeira vez en moitos anos hai un balance positivo, aínda que a marxe é similar ao de anteriores anos.
- **Previsión:**
 - a 21 novembro na conta hai 8.128,44 euros
 - Ingresos trimestrais por cotas dos socios: 3.500 - 4.000 euros
 - Outros ingresos previstos: 6.000 euros do convenio coa Xunta
- **Altas e baixas de socios e socias**
 - Rexistraronse 12 baixas no 2020
 - Desde abril de 2021 efectuáronse 7 altas e 4 baixas.
 - Número de socios actuais: 112
- Aprobación do informe económico con **20 votos a favor** [min. 00:23:43]

[min 00:27:25] Miguel Cuba, presidente de AGPI, procede a falar das **accións realizadas pola asociación**, ao longo do curso 2020-2021:

- Tarefas administrativas e loxísticas
 - **Cambio de secretaría técnica:** Teo Cid deixou o posto e entrou **Nerea Pallarés**.
 - **Cambio de sede.** Agradecemento especial aos socios Luis Sendón e Sonia Corral pola axuda prestada.
 - **Inscripción dos novos estatutos.** Coa finalidade de actualizar a Xunta Directiva e poder facer outras xestións administrativas
 - **Solicitude do Certificado Dixital.** Para simplificar os trámites administrativos.

- **Eventos anuais habituais:**
 - **Día da ilustración:** Lolita Díaz Baliño. Destacar unha nova actividade para o evento, de reinterpretación da obra de Lolita, que polo seu éxito terá continuidade en vindeiras edicións.
 - **Econtro Galego da Ilustración:** Tivo unha gran acollida, con máis de 600 persoas conectadas ao longo da xornada. Destacar a homenaxe a Calros Silvar, como último Socio de Honra na AGPI, e plantéxase manter esta actividade en vindeiras edicións.

- **Colaboracións anuais habituais:**
 - **Consello asesor do libro**
 - **Xurado para Premios Nacionais.** Este ano o socio elexido para participar no xurado de ilustración foi Óscar Villán e David Rubín no xurado de cómic..
 - Retomouse a participación no **Viñetas desde o Atlántico.** O stand foi atendido por varios socios, que se repartiron o horario.
 - **Propostas de socios** para eventos/encargos da Xunta: Nortear e Día da Ilustración.
 - Colaboración co **Salón do Libro de Pontevedra:** faladoiro sobre BD autoeditada, moderado por Óscar Iglesias e coa participación de Cristián Fojón, Inés Casarejos e Miguel Porto.
 - **FADIP:** neste último ano estase a encamiñar o traballo da federación, mantendo un contacto fluído co Ministerio de Cultura, coa fin de desenvolver diferentes liñas culturais relacionadas coa profesión. Tamén se está a coordinar a tradución da Guía Ninja a outros idiomas, e o desenvolvemento dun novo Libro Branco da Ilustración. Miguel aproveita para solicitar voluntarios para axudar co traballo na FADIP.
 - **Feira do Libro de Madrid e de Frankfurt.** Enviouse un bucle con ilustracións dos socios.

- **Accións reivindicativas:**
 - **Premios Follas Novas 2021.** Polémica pola inclusión dunha obra e humor gráfico na categoría de banda deseñada. Abriuse unha canle de comunicación coa organización en plantexáronse novas formas de escoller a obra por parte do evento. Agpi axudará neste proceso en vindeiras edicións.
 - **Certames e convocatorias.** Detectouse unha tendencia preocupante na redacción das bases, con cláusulas abusivas (aínda que dentro da legalidade), e moitos destes concursos son contratos encubertos sen unha dotación suficiente. Desde a directiva plantéxase unha campaña de concienciación tanto para convocantes como para os participantes. Contactouse coa organización destes certames:
 - Premio Alberte Quiñoi
 - Pintura mural Burela Amarte
 - Penguin Random House: Mistborn, Bruguera, Fnac-Salamandra
 - ¡PANG! Premio Aristas de Novela Gráfica

- Outras accións:
 - Elaboración dun **protocolo de boas prácticas**. Unha guía de pautas e recomendacións para futuras directivas, que desenvolveu Julio Cerletti. O proxecto redimensionouse polo complexo do proxecto, e fíxose algo máis breve e sinxelo.
 - Colaboración coa Xunta no **Mes da Ilustración** na Cidade da Cultura.
 - **Campaña “NON”**. Nesta campaña, organizada por unha empresa privada que se puxo en contacto coa asociación, participaron numerosas socias. A comunicación foi moi deficiente coas asociadas, e a xunta directiva tivo que intervir en varias ocasións para solventar a falta de claridade e comunicación.
 - **Consultas coa avogada** Isabel Méndez. Habilitáronse por primeira vez consultas gratuitas para socios, cunha tarifa plana trimestral.
 - **Actividade en redes**. Difundíronse campañas externas relacionadas coa profesión, eventos e actividades de socios, e tamén outras novas que se consideraron de interese. Miguel lanza a petición de voluntarios para esta tarefa.

[min 00:56:03] Bernal Prieto expón as actividades planificadas para os vindeiros meses.

- **Campaña ASÍ NON**. Campaña informativa sobre as bases dos concursos de ilustración e banda deseñada. Cun formato parecido da Guía Ninja, comezarse a traballar nela, pero plantéxase a longo prazo (2 ou 3 anos). O contacto coas organizacións dos certames non sempre é sinxelo e consume moito tempo, polo que vemos máis efectiva unha campaña didáctica.
- **Cambio de conta do banco**. Hai que buscar un banco que nos permita facer as xestións online e que teña unhas comisións menores.
- Elaboración das FAQs (Frequently Ask Questions). Creación dun apartado na web onde se desenvolvan temas recurrentes sobre facturas, papeleo, etc. Unha boa forma de que os novos socios teñan un espazo para consultar dúbidas xerais e sinxelas.
- **Reformas na web**. Hai unha partida do convenio destinada á mellora da web. Principalmente quérese permitir a inscrición online de socios, como o fan outras asociacións. Aínda non se sabe se poderemos levar a cabo esta e outras melloras na web, porque depende de cuestións técnicas.
- **Consultas online a socios**. Búsqueda dun medio para validar consultas aos socios sen ter que convocar assembleas extraordinarias. Xa se levou a cabo algo similar para algúns asuntos, pero dun xeito informal e a través da lista de correo.
- **Comités organizadores para eventos**. Tomaría decisións de contido, para non escoller sempre as mesmas temáticas ou ter sempre presentes os mesmos convidados.
- **Actualización da Guía Ninja**. Revisión de contidos e reimpresión da Guía.
- Día da Ilustración 2022: Reimundo Patiño.
- Reactivación das actividades periódicas: Clube de debuxo, IlustraNoites, charlas en escolas de arte, etc.
- **Encontro de Ilustración 2022**. Recuperar a edición presencial, pero mantendo o streaming. Plantéxase o Encontro 2021 para facerse neste formato híbrido, pero por mor das restricións
- **Colaboración con FADIP**. Actividades como Frankfurt 2022 e elaboración de documentos como o novo Libro Branco.

Miguel Cuba apunta que **se negociou unha subida do orzamento para o Día da Ilustración** de 2022, pero aínda está pendente de aprobación.

María Álvarez comenta que **Alberto Guitián** escribiu un mail á secretaría comentando que non podería asistir a asemblea pero que se ofrecía a **colaborar tanto na organización do Día da Ilustración como na reedición da Guía Ninja**.

Bernal comenta que **a sede está pendente de amoblala e hai que facer limpeza e organización**. Plantéxase a necesidade de voluntarios para botar unha man. Sonia Corral ofrécese para axudar coa sede.

[min 01:09:18] Miguel Cuba pasa a falar das **baixas e altas na xunta directiva**:

- **Baixas**: Annel Vare, Aynara Pereiro, Miguel Nigure, Julio Cerletti, Iria Fafián, Daniel Malvido e Miguel Cuba
- **Altas**: María Castro, Eva Carballeira, Laura Romero (candidata a presidenta)

Miguel adica unhas palabras aos socios a modo de despedida e de ánimos aos novos membros e os futuros.

Bernal apunta que aínda hai posibilidade de presentarse como vogais. **Iria Ribadomar ofrécese como vogal**.

[min 01:13:29] Nerea lanza a votación sobre o cambio de directiva. Apróbase con **20 votos a favor**.

[min 01:15:00] Bernal pasa aos Rogos e Preguntas. Non hai rogos nin preguntas.

[min 01:18:05] Bernal propón que Laura Romero, nova presidenta. Laura adica unhas palabras e os compañeiros da directiva danlle ánimos. Laura propón unha nova campaña de captación de voluntarios nos vindeiros meses. Bernal apunta que aínda que non se presenten como vogais os socios tamén poden participar puntualmente nalgún proxecto non que vexan que encaixan. Nomea o caso de Guitián e Uxío Broullón, que vai votar unha man coas posibles melloras da web.

Miguel despide a asemblea. Nerea apunta que Idioa Luxán se ofrece para cuestións puntuais de maquetación e deseño.

Remata a asemblea a 13:05h